

Queridas familias, poñémonos en contacto con vós para pedirvos a vosa colaboración na sensibilización e información con respecto as consecuencias derivadas do mal uso das tecnoloxías, especialmente do móbil, ante o aumento de conflitos, adicción e illamento que inflúen moi negativamente no ambiente do centro, e por extensión, tamén da nosa comunidade: temos que ter en conta que a convivencia é un tema de todas e todos e debemos ser conscientes de que este emprego que estamos detectando ten implícitas unha serie de consecuencias que abranguen desde sancións ata repercusións legais moi serias, pois moitas veces non só poden contactar con xente perigosa, senón tamén cometer delitos sen sabelo, polo que non poden xestionalo nin solucionalo, e somos os adultos os que teremos que facelo (moitas veces o contido ou a acción de compartilo é un delito e hai que poñelo en coñecemento da Policía ou Garda Civil que o enviarán a Fiscalía de menores). É por iso moi importante que lles recordemos estas medidas e que sexan conscientes da pegada dixital que deixamos cada vez que as empregamos, a adicción que provocan, a vulnerabilidade da protección de datos, o atentado contra o dereito a intimidade e a honra e violencias como o bullying, sexting, grooming e stalking e outra serie de perigos dos que vos achegamos un enlace onde poderedes ampliar información e visionar algúns vídeos que os recomendamos ver e analizar con elas e eles.

Tamén queremos aproveitar para pedirvos encarecidamente que toda comunicación que teñades que facer durante o período lectivo coas vosas fillas e fillos a fagades a través do teléfono do centro, que tamén está accesible a elas e eles por se precisasen calquera cousa, pois moitas veces estamos a atoparnos con chamadas e mensaxes nas horas de clase, cando non se pode estar cos teléfonos.

Sen máis, quedamos á vosa disposición para calquera información que precisedes.

Un saúdo e moitas grazas polo voso tempo e colaboración.

<https://www.pantallasamigas.net/>

<https://www.incibe.es/menores/>

<https://www.incibe.es/menores/familias>

<https://www.tudecideseninternet.es/es>

<https://www.farodevigo.es/faroeduca/foro-de-educacion/2022/09/17/maria-couso-llenad-vaso-adolescentes-75548872.html>

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_gl.html (artigo 19.4)

https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbarral/?q=system/files/NOF_2018_0.pdf (artigo 8.3)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbarral/?q=system/files/Plan%20de%20convivencia%20IES%20Barral.pdf> (páxina 90, punto 3 e artigo 4.7)